



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

Xaneiro 2015

# Retribucións profesorado 2015

Aprópianse de parte do noso soldo:

- Salarios rebaixados
- Pagas extraordinarias incompletas



# As retribucións do profesorado en permanente rebaixa

Os gobernos central e o galego apropiáronse dunha parte sustancial dos salarios do profesorado para rescatar a banca e alimentar un sistema especulativo e voraz que comporta maior desigualdade social, desemprego, destrución dos servizos públicos e sociais e máis pobreza e exclusión social. O PP, no canto de incentivar medidas contrarias ás que induciron esta crise, persiste en políticas ultraliberais promovidas pola troika, á marxe de calquera

control democrático. Co pretexto de combater o déficit e a débeda pública, asáñase co gasto social, cos servizos públicos e cos salarios dos traballadores e traballadoras para favorecer, exclusivamente, os intereses do capital financeiro e especulativo.

Desde xuño do ano 2010, ano no que se iniciaron as reducións dos salarios do profesorado e das pagas extras, os e as docentes galegas levan acumulado unha depreciación

dos seus salarios nunha media dun 17%

En decembro do ano 2012, a Consellaría eliminounos a paga extra de Nadal. No ano 2013 e 2014 e neste ano 2015, as pagas extraordinarias seguirán a ser incompletas sen a parte correspondente ao complemento específico e coa redución do 30% no concepto de salario, o que supón unha redución dun 17% do total das nosas retribucións.

## Continúan apropiándose de parte do salario do profesorado galego

Coas retribucións previstas para o ano 2015, o profesorado galego sitúase, de novo, como o dos peores pagados do Estado. Como é sabido, tanto no ámbito da administración pública estatal como en diferentes administracións educativas, o profesorado está a percibir o

complemento específico na paga extraordinaria que o goberno Feixoo nega na Galiza desde o ano 2013, amais de continuar coas reducións salariais emprendidas no ano 2010. Non podemos aceptar esta nova agresión e afronta. Por iso temos que continuar coa loita e coas mobilizacións

para conseguir que o artigo 3 da ILP de medidas para restituír os dereitos laborais profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino en Galiza, apoiada por máis de 23.000 sinaturas e que proximamente se debaterá no Parlamento, se faga realidade.

### **ILP de medidas para restituír os dereitos laborais profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino en Galiza**

*Artigo 3. Recuperación dos salarios do profesorado.*

- 1. O Goberno galego instará o Goberno do Estado a derrogar a lexislación que reduciu o salario do profesorado.*
- 2. A Xunta de Galiza tomará as medidas necesarias para restabelecer os salarios e as pagas extras completas do profesorado, que lle foron reducidas desde o mes de xuño de 2010, coa súa correspondente actualización, segundo o IPC resultante desde o ano 2010 até hoxe.*
- 3. A Xunta de Galiza garantirá a cláusula de revisión salarial para garantir, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.*
- 4. Restabelecerase o acordo entre a Xunta e as organizacións sindicais para que se destine o 1% da masa salarial do Capítulo I dos orzamentos da Xunta de Galiza ao Fondo de Acción Social.*
- 5. O profesorado percibirá o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).*

# Retribucións profesorado 2015

## Retribucións básicas

	Grupo A2 (Antes B)				Grupo A1 (Antes A)			
	Mestres* Nivel 21		Técnico/a F.P. Nivel 24		P. Secundaria Nivel 24		Catedrático/a Nivel 26	
	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra
Salario	€958,98	€699,38	€958,98	€699,38	€1.109,05	€684,36	€1.109,05	€684,36
Complemento de destino	€473,35	€473,35	€582,92	€582,92	€582,92	€582,92	€698,20	€698,20
Complemento específico	€539,29	€0,00	€539,29	€0,00	€539,29	€0,00	€589,28	€0,00
Titoría e outras func. docentes	€43,62	€0,00	€43,62	€0,00	€43,62	€0,00	€43,62	€0,00
<b>TOTAL</b>	<b>€2.015,24</b>	<b>€1.172,73</b>	<b>€2.124,81</b>	<b>€1.282,30</b>	<b>€2.274,88</b>	<b>€1.267,28</b>	<b>€2.396,53</b>	<b>€1.382,56</b>

## Cargos directivos

12 mensualidades (non se cobran nas extras de xuño e decembro)

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL				
CARGO	TIPO A	TIPO B	TIPO C	TIPO D
DIRECCIÓN	€520,32	€471,00	€340,87	€252,03
XEFATURA DE ESTUDOS	€181,05	€170,12	€164,67	€120,99
SECRETARÍA	€181,05	€170,12	€164,67	€120,99
CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, FP E RÉXIME ESPECIAL				
DIRECCIÓN	€634,90	€546,86	€495,04	€448,15
VICEDIRECCIÓN	€279,30	€273,88	€197,43	€170,12
XEFATURA DE ESTUDOS	€279,30	€273,88	€197,43	€170,12
SECRETARÍA	€279,30	€273,88	€197,43	€170,12

## Outros cargos e complementos

12 mensualidades (non se cobran nas extras de xuño e decembro)

XEFATURA DE DEPARTAMENTO	€66,37
COORDINACIÓN DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	€66,37
COORDINACIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	€66,37
RESPONSÁBEL DE CENTROS DE MENOS DE 3 UNIDADES (EI - EP)	€66,37
XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PRIMARIA)	€66,37
PROFESORADO EPAPU	€66,37
COMPLEMENTO PARA MESTRES/AS NO 1º CICLO DA E.S.O.	€109,57

## Sexenios

12 mensualidades (non se cobran nas extras de xuño e decembro)

1º SEXENIO	2º SEXENIO	3º SEXENIO	4º SEXENIO	5º SEXENIO
€59,21	€76,13	€101,53	€143,81	€42,29

## Descostos

En xuño e decembro a cota de pasivos e Muface é dupla

CONCEPTO	GRUPO A1	GRUPO A2
PASIVOS (funcionariado de carreira)	109,59 €	€86,25
MUFACE (funcionariado de carreira)	47,98€	€37,76
COTA OBREIRA (persoal interino e funcionario de carreira desde 2011)	Segundo base de cotización	
RETENCIONS IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal	

# Recortes salariais 2010-2015

As retribucións do profesorado galego en permanente rebaixa

	Mestres (A2-Nivel 21)		PTFP (A2 Nivel 24)		PES EOI EAS (A1 Nivel 24)	
	Perda salarial anual 2015	Perda acumulada desde o 2010	Perda salarial anual 2015	Perda acumulada desde o 2010	Perda salarial anual 2015	Perda acumulada desde o 2010
0 sexenios	-5.052,49 €	-24.026,22 €	-5.260,48€	-25.135,64€	-6.143,40€	-29.979,97€
1 sexenio	-5.416,89 €	-25.736,26 €	-5.624,85€	-26.787,70€	-6.584,51€	-31.904,53€
2 sexenios	-5.844,36 €	-27.587,51 €	-6.052,34€	-28.696,90€	-7.088,21€	-34.165,89€
3 sexenios	-6.366,65 €	-29.956,05 €	-6.574,63€	-30.989,42€	-7.686,98€	-36.919,63€
4 sexenios	-7.046,70 €	-32.822,16€	-7.255,11€	-33.932,83€	-8.443,51€	-40.207,44€
5 sexenios	-7.350,16€	-34.229,16€	-7.555,86€	-35.326,02€	-8.821,16€	-42.005,14€

## Segundo o cadro anterior:

- Un **profesor de secundaria, EOI ou EAS (A1 nivel 24)** con 5 sexenios cobrará 8.821 euros menos neste ano que o que tería que percibir de non lle ter reducido o salario desde o ano 2010. Acumula unha perda desde esa data de 42.005 euros.
- Un **profesor técnico de FP (A2 nivel 24)** con 3 sexenios cobrará 6.574 euros menos no ano 2015 do que tería que percibir de non ter reducido o salario desde xuño de 2010 e acumula unha perda de 30.989 euros.
- Un **mestre (A2 nivel 21)** con 1 sexenio cobrará 5.416 euros menos no ano 2015 do que tería que percibir de non ter reducido o salario desde xuño de 2010 e acumula unha perda de 25.736 euros.

Os seguintes cadros amosan as **retribucións que teríamos que percibir o profesorado**, tendo en conta o IPC de cada ano, se non se lle tivesen reducidos os salarios e pagas

## Corpo de mestres

### MESTRES 0 TRIENIOS, 0 SEXENIOS

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	29.274,70 €	30.182,22 €	30.936,77 €	31.741,13 €	31.899,83 €	31.580,83 €
Real	28.371,56 €	27.694,16 €	25.938,52 €	26.528,34 €	26.528,34 €	26.528,34 €
Diferenza anual	-903,14 €	-2.488,06 €	-4.998,25 €	-5.212,79 €	-5.371,49 €	-5.052,49 €
					Diferenza total	-24.026,22 €

### MESTRES 2 TRIENIOS, 1 SEXENIO

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	31.138,66 €	32.103,96 €	32.906,56 €	33.762,13 €	33.930,94 €	33.591,63 €
Real	30.120,98 €	29.458,98 €	27.593,43 €	28.174,74 €	28.174,74 €	28.174,74 €
Diferenza anual	-1.017,68 €	-2.644,98 €	-5.313,13 €	-5.587,39 €	-5.756,20 €	-5.416,89 €
					Diferenza total	-25.736,26 €

**MESTRES 4 TRIENIOS, 2 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	33.249,30 €	34.280,03 €	35.137,03 €	36.050,59 €	36.230,84 €	35.868,54 €
Real	32.227,30 €	31.460,68 €	29.468,30 €	30.024,18 €	30.024,18 €	30.024,18 €
Diferenza anual	-1.022,00 €	-2.819,35 €	-5.668,73 €	-6.026,41 €	-6.206,66 €	-5.844,36 €

**MESTRES 6 TRIENIOS, 3 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	35.730,38 €	36.838,02 €	37.758,97 €	38.740,71 €	38.934,41 €	38.545,07 €
Real	34.564,89 €	33.817,98 €	31.673,37 €	32.178,42 €	32.178,42 €	32.178,42 €
Diferenza anual	-1.165,49 €	-3.020,04 €	-6.085,60 €	-6.562,29 €	-6.755,99 €	-6.366,65 €

Diferenza total -27.587,51 €

**MESTRES 8 TRIENIOS, 4 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	38.828,02 €	40.031,69 €	41.032,48 €	42.099,33 €	42.309,82 €	41.886,72 €
Real	37.650,56 €	36.767,20 €	34.428,08 €	34.840,02 €	34.840,02 €	34.840,02 €
Diferenza anual	-1.177,46 €	-3.264,49 €	-6.604,40 €	-7.259,31 €	-7.469,80 €	-7.046,70 €

Diferenza total -29.956,05 €

**MESTRES 10 TRIENIOS, 5 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	40.445,16 €	41.698,96 €	42.741,43 €	43.852,71 €	44.071,97 €	43.631,26 €
Real	39.215,43 €	38.292,86 €	35.860,75 €	36.281,10 €	36.281,10 €	36.281,10 €
Diferenza anual	-1.229,73 €	-3.406,10 €	-6.880,68 €	-7.571,61 €	-7.790,87 €	-7.350,16 €

Diferenza total -32.822,16 €

Diferenza total -34.229,16 €

## Profesorado Técnico de Formación Profesional

**PROF. TÉCNICO FP 0 TRIENIOS, 0 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	30.889,46 €	31.847,03 €	32.643,21 €	33.491,93 €	33.659,39 €	33.322,80 €
Real	29.940,16 €	29.228,14 €	27.362,93 €	28.062,32 €	28.062,32 €	28.062,32 €
Diferenza anual	-949,30 €	-2.618,89 €	-5.280,28 €	-5.429,61 €	-5.597,07 €	-5.260,48 €

**PROF. TÉCNICO FP 2 TRIENIOS, 1 SEXENIO**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	32.753,42 €	33.768,78 €	34.613,00 €	35.512,93 €	35.690,50 €	35.333,59 €
Real	31.747,50 €	30.992,96 €	29.017,84 €	29.708,74 €	29.708,74 €	29.708,74 €
Diferenza anual	-1.005,92 €	-2.775,82 €	-5.595,16 €	-5.804,19 €	-5.981,76 €	-5.624,85 €

Diferenza total -25.135,64 €

**PROF. TÉCNICO FP 4 TRIENIOS, 2 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	34.864,06 €	35.944,85 €	36.843,47 €	37.801,40 €	37.990,40 €	37.610,50 €
Real	33.795,92 €	32.994,66 €	30.892,71 €	31.558,16 €	31.558,16 €	31.558,16 €
Diferenza anual	-1.068,14 €	-2.950,19 €	-5.950,76 €	-6.243,24 €	-6.432,24 €	-6.052,34 €

Diferenza total -26.787,70 €

**PROF. TÉCNICO FP 6 TRIENIOS, 3 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	37.345,14 €	38.502,84 €	39.465,41 €	40.491,51 €	40.693,97 €	40.287,03 €
Real	36.209,54 €	35.351,96 €	33.097,78 €	33.712,40 €	33.712,40 €	33.712,40 €
Diferenza anual	-1.135,60 €	-3.150,88 €	-6.367,63 €	-6.779,11 €	-6.981,57 €	-6.574,63 €

Diferenza total -28.696,90 €

Diferenza total -30.989,42 €

**PROF. TÉCNICO FP 8 TRIENIOS, 4 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	
Sen recorte + IPC	40.442,78 €	41.696,51 €	42.738,92 €	43.850,13 €	44.069,38 €	43.628,69 €	
Real	39.219,16	38.301,18 €	35.852,49 €	36.373,58 €	36.373,58 €	36.373,58 €	
Diferenza anual	-1.223,62 €	-3.395,33 €	-6.886,43 €	-7.476,55 €	-7.695,80 €	-7.255,11 €	
<b>PROF. TÉCNICOS FP 10 TRIENIOS, 5 SEXENIOS</b>						<b>Diferenza total</b>	<b>-33.932,83 €</b>

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	42.059,92 €	43.363,78 €	44.447,87 €	45.603,52 €	45.831,53 €	45.373,22 €
Real	40.785,18 €	39.829,12 €	37.287,44 €	37.817,36 €	37.817,36 €	37.817,36 €
Diferenza anual	-1.274,74 €	-3.534,66 €	-7.160,43 €	-7.786,16 €	-8.014,17 €	-7.555,86 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-35.326,02 €</b>

## Profesorado de ensino secundario (PES), das EEOII e EAS

**PES 0 TRIENIOS, 0 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	33.349,40 €	34.383,23 €	35.242,81 €	36.159,13 €	36.339,92 €	35.976,52 €
Real	32.006,21 €	30.877,46 €	29.088,01 €	29.833,12 €	29.833,12 €	29.833,12 €
Diferenza anual	-1.343,19 €	-3.505,77 €	-6.154,80 €	-6.326,01 €	-6.506,80 €	-6.143,40 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-29.979,97 €</b>

**PES 2 TRIENIOS, 1 SEXENIO**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	35.463,12 €	36.562,48 €	37.476,54 €	38.450,93 €	38.643,18 €	38.256,75 €
Real	33.971,81 €	32.956,48 €	31.003,46 €	31.672,24 €	31.672,24 €	31.672,24 €
Diferenza anual	-1.491,31 €	-3.606,00 €	-6.473,08 €	-6.778,69 €	-6.970,94 €	-6.584,51 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-31.904,53 €</b>

**PES 4 TRIENIOS, 2 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	37.823,52 €	38.996,05 €	39.970,95 €	41.010,20 €	41.215,25 €	40.803,09 €
Real	36.296,53 €	35.151,38 €	33.060,61 €	33.714,88 €	33.714,88 €	33.714,88 €
Diferenza anual	-1.526,99 €	-3.844,67 €	-6.910,34 €	-7.295,32 €	-7.500,37 €	-7.088,21 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-34.165,89 €</b>

**PES 6 TRIENIOS, 3 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	40.554,36 €	41.811,55 €	42.856,83 €	43.971,11 €	44.190,97 €	43.749,06 €
Real	38.849,64 €	37.701,64 €	35.476,72 €	36.062,08 €	36.062,08 €	36.062,08 €
Diferenza anual	-1.704,72 €	-4.109,91 €	-7.380,11 €	-7.909,03 €	-8.128,89 €	-7.686,98 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-36.919,63 €</b>

**PES 8 TRIENIOS, 4 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	43.901,76 €	45.262,71 €	46.394,28 €	47.600,53 €	47.838,54 €	47.360,15 €
Real	42.154,33 €	40.843,82 €	38.402,47 €	38.916,64 €	38.916,64 €	38.916,64 €
Diferenza anual	-1.747,43 €	-4.418,89 €	-7.991,81 €	-8.683,89 €	-8.921,90 €	-8.443,51 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-40.207,44 €</b>

**PES 10 TRIENIOS, 5 SEXENIOS**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen recorte + IPC	45.768,66 €	47.187,49 €	48.367,18 €	49.624,72 €	49.872,85 €	49.374,12 €
Real	43.937,81 €	42.564,72 €	40.028,46 €	40.552,96 €	40.552,96 €	40.552,96 €
Diferenza anual	-1.830,85 €	-4.622,77 €	-8.338,72 €	-9.071,76 €	-9.319,89 €	-8.821,16 €
<b>Diferenza total</b>						<b>-42.005,14 €</b>

# Paga extra 2012

Mediante o R/D Lei 20/2012, o Goberno central suprimiu a paga extraordinaria de decembro de todas as empregadas e empregados públicos. A CIG combateu este atropelo e inxustiza con todo tipo de mobilizacións e accións, incluídos numerosos recursos en diferentes instancias xudiciais. Todas as sentenzas, fosen dos xulgados do social ou do contencioso administrativo e mesmo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, ditaminaron a estimación parcial dos recursos presentados para recuperar a paga extra de

decembro de 2012. Concretamente, todos recoñeceron o dereito a cobrar a parte proporcional equivalente ao mes de xuño e os 14 primeiros días de xullo que corresponden á parte proporcional devindicada. A CIG-Ensino, unha vez que conseguiu sentenzas favorábeis no ámbito de ensino, promoveu a extensión de efectos para que o dereito recoñecido nestas primeiras sentenzas se lles aplicase a todas as persoas que o solicitasen, sen necesidade de iniciar un novo procedemento.

## En xaneiro restituírase aproximadamente 1/8 parte do total da extra de decembro de 2012

O Goberno galego, no momento en que os tribunais sentenciaban a ilegalidade da supresión da paga extra, decatouse de que tiña perdida a batalla e viuse obrigado a anunciar a restitución de parte da paga extra, concretamente o 12,5% para xaneiro de 2015. Así, a Lei de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2015

(DOG 30 de decembro de 2014), na disposición adicional décimo sétima, establece que se “percibirá unha cantidade equivalente á metade da parte proporcional da paga extraordinaria, paga adicional do complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro de 2012” devingada até a entrada en vigor do RD lei.

## Reintegro do resto da paga extraordinaria de decembro 2012

Na Lei de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2015 aparece contemplado o pagamento da parte que se nos vai reintegrar en xaneiro de 2015. No entanto, o proxecto de Lei de emprego público de Galiza, presentado no Parlamento, na disposición décimo primeira, establece que “Co obxecto de recuperar os niveis retributivos dos traballadores do sector público autonómico, créase un fondo de recuperación retributiva cuxa dotación se concretará nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma.

O fondo mencionado no punto anterior desta disposición recollerá durante un período máximo de tres anos a dotación precisa para proceder ao completo reintegro das

retribucións axustadas en aplicación do Real decreto lei 20/2012 e, ademais, financiará con carácter consolidable a reposición das dúas pagas adicionais do complemento específico ou retribucións equivalentes.”

É inadmisíbel que a devolución da paga extra completa de decembro de 2012 se prolongue durante tres anos e que, por outra parte, non se contemple a restitución das pagas extras completas que desde o ano 2013 se nos están reducindo.

A CIG rexeitou o proxecto de Lei, entre outras razóns, por non contemplar a restitución de todos os dereitos laborais e dos salarios do profesorado, incluídas as pagas extras completas.

## Prazos anunciados para percibir o resto da paga extraordinaria do 2012:

Non deixa de ser estraño que, mentres que na Lei de orzamentos só se establece o pago do 12,5% da extraordinaria de decembro de 2012, a Dirección Xeral de Función Pública, na reunión mantida coas organizacións sindicais o día 23 de decembro de 2014, informe que teñen como previsión devolver a totalidade da paga extraordinaria correspondente a decembro de 2012, atendendo aos seguintes prazos:

- **Xaneiro 2015:** 12,5% do total
- **Abril-maio 2015:** (eleccións municipais): 12,5% do total.
- **Ano 2016:** (eleccións galegas): 50% do total.
- **Ano 2017:** 25% do total.

# Paga extra 2013

## A CIG-Ensino gaña as catro primeiras sentenzas de profesorado ditaminadas en Galiza contra o recorte da paga extra do ano 2013

Catro xulgados do contencioso administrativo, 2 de A Coruña, 1 de Vigo e 1 de Ferrol veñen de recoñecer parcialmente as reclamacións contra o recorte da paga extra de xuño do 2013, presentadas pola CIG-Ensino. No ano, 2013 e seguintes, o goberno de Feijoo decidiu conxelar os salarios e recortar as pagas extras de todo o persoal, incluído o docente, pasando a ser Galiza unha das comunidades nas que se recortaban estas pagas. Ese recorte equivalía á parte do complemento específico que aparece no epígrafe "Adic. Art 12.3 Lei 12/2006", polo que comezamos a cobrar nas extras o complemento específico. As sentenzas, as primeiras que se ditaminan en Galiza para persoal docente dependente da Consellaría, inciden nos fundamentos xurídicos das sentenzas que xa recoñeceran o pagamento dunha parte da extra de Nadal de 2012; isto é, a Xunta descontou ilegalmente unha parte da paga extra de xuño de 2013, ao se aprobaren os Orzamentos para ese ano o 1 de marzo de 2013,

polo que a parte devindicada nos meses anteriores (xaneiro e febreiro de 2013) non se podía recortar. Estamos a falar, por tanto, dun terzo da cantidade que na nómina aparece como "Adic. Art 12.3 Lei 12/2006", ao se tratar de 2 dos 6 meses que é preciso ter traballado para cobrar esa cantidade íntegra.

A CIG-Ensino denuncia o comportamento absolutamente antidemocrático e irrespectuoso da Xunta co seu persoal, toda vez que o goberno galego era plenamente consciente de que a xustiza ía recoñecer o mesmo dereito que vén recoñecendo para a paga do 2012. Así llo trasladamos á conselleira de Facenda, reclamando que se fixese efectiva a recuperación, cando menos, desta parte proporcional da paga de xuño de 2013 e non obrigar o profesorado, como o resto do persoal da Xunta, a iniciar novos procedementos xudiciais para obrigala a cumprir coas súas obrigas retributivas.

É unha auténtica irresponsabilidade

e unha burla ao profesorado que, cando xa existen sentenzas claras que condenan a administración galega a facer fronte ao pagamento dunha parte da paga extra, o goberno mire cara outro lado para prolongar todo o posíbel no tempo un pagamento que finalmente terá que efectuar.

A CIG-Ensino quere denunciar, mais unha vez, o desprezo do Goberno galego para o profesorado, ao continuar apropiándose de parte do seu salario e das súas pagas extras. Continuaremos loitando até que de vez vexamos restituídos todos os dereitos arrebatados. Quérennos vender que nos regalan algo, cando nin sequera nos devolven todo o subtraído e seguen apropiándose de parte do noso salario e da paga extra, pois como é sabido a paga do ano 2013 e 2014 foi reducida e a do ano 2015, tal e como está recollido na Lei de orzamentos da Xunta, seguirá sen ter en conta o complemento específico, cando na administración central e noutros territorios o están a cobrar.

### Os nosos locais

#### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.com

#### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

#### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

#### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

#### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

#### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

#### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

#### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

#### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986609360 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

#### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

#### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

#### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com